

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria do 17.12.2018, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia *Festa do San Brais de Bembrive*:

“INFORME SOBRE Á DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DA FESTA O SAN BRAIS DE BEMBRIVE-VIGO

ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da **Festa do San Brais de Bembrive**, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud de do 06.03.2017
- Acordo Plenario da Entidade Local Menor do 23 de febreiro de 2017. Xúntase informe do Concello de Vigo de data 31.05.2018
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo de Pontevedra do 23.01.2018
- Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 20.09.2017
- Informe da Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural do 29.11.2017

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítese este informe sobre a declaración da **Festa do San Brais de Bembrive** como Festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto

4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as Festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e

poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración:**

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

- c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.
- d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.
- e) A calidade dos actos que configuren a celebración.
- f) A creatividade e innovación na celebración do evento.
- g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.
- h) A afluencia de visitantes.
- i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

Antigüidade: Na memoria achegada sinálase que esta celebración vén desenvolvéndose dende vai case catrocentos anos e achega documentación relativa á celebración da festa que avala esta data así como as posteriores. A orixe da festa procede da Capela de San Brais, construída no 1667, onde a tradición oral di que o Patrón facía unha comida na súa leira de Miraflores con motivo da festividade á que convidaba a achegados e amigos.

Singularidade: A singularidade segundo se expón na memoria presentada baséase no feito de que se respectan os feitos orixinais e ten como

aspectos diferenciais o seu valor cultural baseado en tradicións ancestrais que se veñen desenvolvendo pola poboación da zona, como poñerlle unha veliña ao Santo para conservar a gorxa, probar o viño nos furanchos, degustar cachucha e desfrutar da romaría. Manteñen como actividades principais da festa ao longo dos anos as actuacións de música tradicional e a asistencia aos furanchos para a degustación de viño da zona.

Arraigamento: Trátase dun evento cultural na que segundo a memoria destaca a participación dos veciños promovendo a comunidade da veciñanza nos actos litúrxicos e festivos que xiran arredor do xantar e da música tradicional. A tradición musical na parroquia confírmase coa existencia de banda de gaitas, frupos folk, de baile rexional, de pandereteiras, de acordeón, coral, rondallas,.. e a tradición gastronómica ten a súa orixe na degustación dos viños nas casas chegando a desembocar nos actuais furanchos. Exemplo de arraigo é o incremento de grupos e peñas nas que cada ano participan máis persoas.

Accións promocionais: Consta documentación presentada sobre as accións de promoción realizadas. Indícase na memoria que a festa de San Brais e ben coñecida a nivel comarcal e rexional. Destaca:

- A cobertura informativa que lle deu a TVG (non temos constancia documental).
- Bembrive conta cunha canle de TV local que lle da cobertura retransmitindo en directo a estes actos dende vai máis de quince anos.
- Diarios como Faro de Vigo, La Voz de Galicia, La Región, Atlántico
- Portais web: www.bembrive.org, redes sociais

Valor cultural: Tal como se resalta na memoria preséntase como unha festa cultural que destaca pola súa ampla programación non só a nivel cultural senón tamén coidando distintos aspectos festivos para a participación da veciñanza. Na programación cultural destas datas contéplanse as

actividades gastronómicas e as actividades musicais presentes en calquera espacio donde se celebra a festa. Aínda que non presenta informe, cita datos recollidos no Arquivo Diocesano de Tui das visitas obispaes á parroquia de Bembrive entre 1735-1779.

Continuidade no tempo: Segundo se sinala na memoria, esta festa ven desenvolvéndose de maneira ininterrompida dende vai máis de oitenta anos. Para acreditar o requisito de continuidade no tempo, presentan carteis e accións promocionais en distintos xornais. Aínda que os actos se prolongan dende o 15 de xaneiro os actos principais da celebración son cada 3 de febreiro, día de San Brais.

2. Criterios de valoración

Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:

- **A facilidade de acceso:** Bembrive atópase situada no límite co centro urbán do concello de Vigo. Posúe excelentes enlaces viarios dende a cidade de Vigo, comunicada tanto por estrada (autoestradas, estradas nacionais, autovías,...), mar (empresas de transporte de ría), ferroviarias (dúas estacións de ferrocarril con enlaces as principais cidades de España e Portugal) ou aéreas (aeroporto de Peinador). Completan a oferta empresas de alugueiro de coches con e sen condutor, guías, ...

Respecto da accesibilidade pódese dicir que é unha festa totalmente accesible a persoas con mobilidade reducida, xa que os distintos actos e lugares de celebración así o facilitan.

No lugar concreto de celebración do evento, cóntase con aparcadoiros suficientes. Tamén se artella un plan específico de tráfico e seguridade durante as datas da festa, plan desenvolvido tanto pola policía municipal de Vigo como o servizo de Protección Civil.

A estética, A estética é un dos maiores valores que ten esta festa por seren as procesións a auténtica manifestación artística das tradicións. O día grande da festa o

Santo sae en procesión onde é venerado. Tamén son de destacar as estéticas dos grupos folclóricos que participan da festa acompañando ó santo e amenizando a romaría.

Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares: Trátase dun evento cultural que rememora distintas manifestacións relixiosas acontecidas centos de anos atrás.

O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: A maior parte dos actos festivos desenvólvense en ambiente ao aire libre, a pesares das datas de celebración. Na Alameda do Torreiro habilitan unha carpa para a venda de produtos alimentarios. Pola parroquia de Bembrive pasa a Senda do Río Eifonso, paseo natural de curto recorrido por bosques autóctonos, muíños e ermitas. Esta senda etnográfica permite ver muíños e pequenos saltos de auga. O parque de Chans -Galleiro sito en Bembrive é un dos mellores parques forestais da zona cunha ampla zona infantil e o parque botánico Arco da Vella.

A calidade dos actos que configuren a celebración: Ademais das actividades propias da festa de recreación de fitos relixioso-históricos, o evento tamén ofrece aos visitantes moitas outras actividades as máis delas de carácter cultural asociado: postos de produtos alimentarios, degustación de viño en todos e cada un dos furanchos.

O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes: Na memoria que se xunta indicase que a oferta de establecementos, tanto hostaleiros (hoteis, pensións, albergues, turismo rural, apartamentos e campings) como de restauración (restaurantes, mesóns, polbeiras, pizzerías, hamburgueserías, de tapas, ...) pode abranguer a unha grande cantidade de visitantes. De acordo cos datos que constan no REAT Bembrive conta cuns 15 establecementos de restauración e 2 establecementos de aloxamento, aínda que, pola proximidade á cidade de Vigo, a oferta é moito máis ampla e variada.

No lugar concreto de celebración do evento, cóntase con aparcadoiros suficientes. Tamén dispón dun espazo escénico habilitado para a celebración de concertos e actuacións de baile de marcado carácter tradicional.

A afluencia de visitantes: Segundo se informa na memoria achegada, unha festa tan arraigada é capaz de xuntar a un número estimado de 15.000-20.000 persoas. Cabe subliñar que a parroquia conta cunha poboación de 4.000 persoas. Ademais dos visitantes dos concellos próximos e das rexións veciñas, acoden turistas principalmente de Portugal, aínda que tamén se recolle información de xente procedente de Francia e Reino Unido. Incluso participan as persoas que fan o camiño portugués a Santiago (pasa pola parroquia de Bembrive). Aínda que non se aporta informe que desglose os asistentes nas últimas edicións coas fontes e criterios utilizados para a estimación, xunta reportaxe fotográfica para xustificar a asistencia de romeiros.

A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: O Concello de Vigo conta coa colaboración da veciñanza. Tamén temos que referir as medidas concretas de carácter organizativo que adopta o Concello en relación ao ordenamento do tráfico (disposición dun plan especial de tráfico: habilitación de zonas de aparcamento, regulación do tráfico rodado, accesos de vehículos e persoas, colocación de valado específico,...), disposición de medios humanos e materiais para un plan específico de limpeza e dotación de espazos suficiente para a circulación de visitantes e observar as medidas de prevención e evacuación se fose preciso.

Préstase especial atención a instalación eléctrica e alumeado apropiado para a celebración dos actos (actuacións musicais, servizos varios, etc).

Orzamentos destinados á celebración nas últimas 5 edicións: Veñen descritos na memoria presentada xunto coa solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia.

Por todo o exposto, o Consello de Turismo de Galicia

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia o evento denominado *Festa do San Brais de Bembrive*".